



que é?

conecta+ é unha ferramenta para poñer en **contacto** a **creadores galegos -con proxectos en fase de desenvolvemento-**, **con produtores** (tanto galegos coma do resto España) que poidan estar interesados en desenvolver eses proxectos.

Trátase dunha iniciativa de **CREA**, Asociación de Directores Realizadores de Galicia, para a que queremos contar coa colaboración das asociacións **AGAG** (Asociación Galega de Guionistas) e **AGAPI** (Asociación Galega de Produtoras Independentes), así como da **AGADIC** (Axencia Galega das Industrias Culturais).



para que é?

conecta+ nace para xerar un espazo de **contacto** entre **guionistas, directores e produtores**; para **construír pontes** entre as ideas e o mercado, co obxectivo de **fortalecer os proxectos**, dotalos de **viabilidade económica** e promover a construción de equipos que combinen talento e capacidade de execución.

Romper a barreira da viabilidade, **saltar a distancia** que moitas veces se fai insalvable entre os proxectos que se deseñan e as condicións que permiten executalos, son algúns dos obxectivos deste encontro. O outro gran obxectivo está no **descubrimento** e no recoñecemento que permita aos produtores identificar non só **proxectos concretos** senón tamén **profesionais cun estilo e personalidade** que lles poidan resultar de interese en futuras propostas.

Todo isto sobre unha estrutura, a das **reunións un-a-un** que é en si mesma un exercicio de posta en valor dos proxectos, permitindo reforzar ante os produtores un discurso que tamén será válido ante inversores, programadores, e outros puntos clave do **circuíto comercial**.



para quen é?

conecta+ vai dirixido a un amplo abano de profesionais audiovisuais. Dunha banda os **creadores, directores e guionistas**, que están a construír proxectos de cinema e televisión, ficción, transmedia, documental... e doutra banda os **produtores**, profesionais especializados na posta en marcha de produtos audiovisuais, interesados en descubrir novos proxectos e profesionais cos que acudir conxuntamente ao mercado.

Os participantes dividiránse en dúas categorías: **participantes con proxecto** e **participantes sen proxecto**.

Os primeiros poderán presentarlle o seu proxecto a produtores cos que se poida **establecer unha colaboración profesional** ou, cando menos, **recibir unha serie de opinións e orientacións** que poidan axudar á reflexión sobre o seu proxecto e, desta forma, **axudarlle a fortalecelo**.

Doutra banda, **os produtores** terán a oportunidade de **coñecer** novos proxectos e novos creadores cos que poden chegar a establecer **colaboracións profesionais que poidan fructificar no desenvolvemento do proxecto en cuestión** ou na elaboración doutros posteriores.



como é?

A preparación do encontro, desenvolverase nas seguintes fases:

1. **presentación de proxectos**: os participantes con proxecto presentan un **pequeno dossier** do proxecto. Unha comisión formada por membros de CREA, AGAG e AGAPI fará unha selección de proxectos.
2. **listaxe de participantes**: unha vez feita a selección, á lista de participantes con proxectos incorpórase a de participantes sen proxecto –produtores–, e establécese unha **listaxe definitiva** de participantes.
3. **organización de reunións**: os participantes reciben esa **listaxe**, xunto cos **dossieres** dos proxectos, e unha **ficha** para **solicitar ata un máximo de cinco reunións**. En base a esas solicitudes, establécese un **cronograma de reunións** que, de novo, se enviará a tódolos participantes.

xornada de encontros: o día do encontro haberá unha **sala habilitada** para a celebración simultánea das **reunións un-a-un**. Asimismo, haberá descansos para café e comida; un momento perfecto para o encontro aberto e informal entre os participantes. Durante a tarde disporase tamén dun espazo axeitado para encontros individuais acordados entre os participantes no transcurso da xornada á marxe do disposto previamente pola organización.

conecta+

organizado por _____



coa colaboración de _____

